

## **Xornada de presentación da IV Edición de VIAGALICIA destacando a novidade do apoio a Industria 4.0 no CIS Galicia en Ferrol, a través dunha xornada de INSPIRATION DAY sobre Realidade Virtual e Realidade Aumentada**

O pasado 23 de xuño, presentouse en Ferrol no CIS Galicia, a **IV Edición de ViaGalicia**, na que a Xunta de Galicia en colaboración co Consorcio Zona Franca de Vigo, lanzan un ano máis o programa de aceleración "ViaGalicia", cuxo obxectivo é a aceleración de proxectos empresariais innovadores e invertibles.

Nesta vindeira edición de ViaGalicia correspondente a convocatoria 2016 preséntanse varias novidades, entre elas a **incorporación do apoio específico a proxectos con tecnoloxías da fabrica 4.0**, onde serán ofrecidas estancias de "Aceleración Tecnolóxica" no CIS Galicia (Sede GAIN en Ferrol), é dicir, que os emprendedores terá a disposición: instalacións, equipamento, tecnoloxías, dispositivos, software e asesoramento/mentoring tecnolóxico.

Nesta xornada de presentación de ViaGalicia, tivo lugar ademais un **Inspiration Day** para coñecer e experimentar coas distintas tecnoloxías de **Deseño 3D, Realidade Virtual e Realidade Aumentada**, onde empresas, profesionais e potenciais emprendedores puideron comentar diferentes casos de uso e explorar novos produtos, servizos e modelos de negocio que utilicen estas tecnoloxías.

O Inspiration Day celebrado nesta xornada, é un novo formato para resaltar a potencialidade do CIS Galicia, cun triple obxectivo:

- I. Que os participantes proben as tecnoloxías 3D, RV e RA e se inspiren para articular a súa aplicación potencial en empresas, nun formato que invita á experimentación individual e colectiva.
- II. Crear un espazo de diálogo e de creatividade no que os participantes podan coñecer e explorar casos de uso real, así como identificar novos modelos de negocio ou novos produtos e servizos con estas tecnoloxías .
- III. Xerar demanda e estimular a creación e desenvolvemento de empresas provedoras de tales solucións, produtos e servizos

Destacar o gran interese provocado por esta xornada, con máis de 60 participantes entre emprendedores, profesionais e empresas.

Mais información en:

[www.viagalicia.gal](http://www.viagalicia.gal) e <http://www.cisgalicia.org/castellano/index.html>